CRITERIO DE VALORACIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación das propostas procedeuse a ler detidamente cada unha delas, analizando a súa viabilidade para a súa execución. Para a avaliación e cualificación das mesmas realizouse un baremo de puntuación, tendo en conta os ítems que consideramos máis importantes, como son as persoas afectadas, interese turístico, recuperación do patrimonio, funcionalidade, orixinalidade e a viabilidade económica.

A finalidade é obter unha primeira toma de contacto para estudar e analizar nunha mesa de debate aquelas propostas que por orde acadaron maior puntuación, seguido das outras restantes que levaron unha peor cualificación. A idea é analizar e comparar entre as distintas propostas cal é o que o máis demanda a xente e o que maior interese ten para o pobo.

Non deixa de ser un baremo moi subxectivo, xa que os cartos destinados polo Concello propuña a mellora do patrimonio cultural e medioambiental, os cales son aspectos tidos en conta e difíciles de valorar obxectivamente.

Unha vez feita unha análise exhaustiva de cada unha das propostas chegarase a un consenso entre tódolos membros da mesa para determinar aquelas que se poden levar a cabo cos cartos destinados polo Concello para este programa. Finalmente, procederase a redacción do/s proxecto/s que resultasen máis interesantes.

Non obstante, con este programa de propostas non só se pretende actuar nos proxectos que consideramos máis interesantes, senón que esta participación serve para facer constar ao Concello das necesidades e puntos de interese que existen nas nosas aldeas. Polo tanto, tódalas propostas son tidas en conta e procurarase dar solución a cada unha delas.

A continuación mostrase o criterio de valoración tomado para iniciar a mesa de debate. A cualificación resultante deste baremo non resulta definitiva, xa que só serve de apoio para debater e analizar entre os membros da mesa.

Persoas afectadas

Fai referencia ás persoas que se poden beneficiar da proposta. Ademais, é o ítem máis obxectivo de todos eles, pois para elo tivemos en conta a estatística demográfica de cada unha das parroquias, atendendo ao número total de nenos, adultos e persoas de terceira idade. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas que afectan a un maior número de persoas.

Menos de 30 persoas → 1
Entre 31 e 55 persoas → 2
Entre 56 e 80 persoas → 3
Entre 81 e 100 persoas → 4
Máis de 100 persoas → 5

Interese turístico

Este apartado é totalmente subxectivo, e pretende valorar aquelas propostas que poidan resultar de interese turístico e beneficiar a economía do pobo. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas de maior interese turístico. Como criterio de valoración tomouse a proposta de maior interese turístico como puntuación máxima e a de menor interese turístico como puntuación mínima.

Recuperación do patrimonio ou do medio ambiente

Como xa se mencionou nas bases, a conservación e mellora do patrimonio cultural e medioambiental é un ítem clave neste programa de actuación. Neste caso, o baremo de puntuación tamén vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas que melloren o patrimonio cultural e medioambiental. Como criterio de valoración tomouse como puntuación máxima a proposta de maior mellora e como puntuación mínima a de menor mellora.

Necesidade / Funcionalidade

O aspecto tido en conta neste apartado é puntuar máis alto aquelas propostas que resulten máis necesarias por temas de seguridade, hixiene, etc. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, e como criterio de valoración tomouse a proposta de maior necesidade como puntuación máxima e a de menor como puntuación mínima.

Orixinalidade

Ítem totalmente subxectivo, no cal se valorou a orixinalidade, innovación e creatividade na proposta. Neste caso, o baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto as propostas máis orixinais. Como criterio de valoración tomouse como puntuación máxima a proposta de maior orixinalidade e como puntuación mínima a de menor.

Custo económico

A viabilidade económica da proposta é un factor clave a ter en conta, pois só dispoñemos dun total de 50.000 euros para destinar neste proxecto de mellora. O baremo de puntuación vai de 5 a 1, puntuando máis alto aquelas propostas que son economicamente máis baratas.

Maior de 50.000 euros → 1
Entre 30.000 e 50.000 euros → 2
Entre 10.000 e 30.000 euros → 3
Entre 5.000 e 10.000 euros → 4
Menor de 5.000 euros → 5

TABLA DE PUNTUACION

PROPOSTA	DESCRIPCION	LOCALIZACION	PERSOAS AFECTADAS	INTERES TURISTICO	RECUPERACION PATRIMONIO OU MEDIOAMBIENTAL	FUNCIONALIDADE	ORIXINALIDADE	COSTE ECONOMICO	TOTAL	ENLACES PROPOSTAS
1	MELLORA ENTORNO, ACCESIBILIDAD E SINALIZACION RESTOS ARQUEOLOXICOS	LAXOS E CARDECIDE	5	5	5	3	5	3	26	3, 4
2	REHABILITACION MUIÑOS E ACONDICIONAMENTO DA ZONA	CASIÑA (ARCOS)	5	5	5	3	5	1	24	3
13	SINALIZACION DE RUTAS DE SENDERISMO	-	5	4	4	3	3	5	24	1,3
7	REHABILITACION FONTE E ENTORNO	FONTECOVA	4	3	4	4	3	5	23	
5	SINALIZACION DE RUTAS Y APARCAMIENTO CARAVANAS	CUNTIS	5	4	1	5	5	2	22	1,3
14	ACONDICIONAMENTO DE RUTAS DE SENDERISMO CON MERENDEIRO	AS CANTEIRAS (CUNTIS)	4	4	4	3	3	4	22	1,3
3	SINALIZACION DE ZONAS DE INTERESE TURISTICO	-	5	4	1	5	1	4	20	1,2
10	ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL	FONTECOVA	4	1	3	4	3	5	20	
8	CONSTRUCION AREA RECREATIVA E FONTE	GULDRIGANS (TROANS)	5	1	3	4	3	2	18	
20	REHABILITACION MUIÑO E CONSTRUCCION PARQUE INFANTIL	PENA DE ARRIBA (TROANS)	3	2	4	4	3	2	18	
15	ACONDICIONAMENTO DE PARQUE INFANTIL	HERVES (TROANS)	3	1	4	3	2	5	18	
12	REFORMA FONTE	SAN ILDEFONSO (TROANS)	3	1	3	4	2	5	18	
6	PISTA CLUB DE BICIS	AS CANTEIRAS (CUNTIS)	4	2	3	3	3	3	18	
9	ACONDICIONAMENTO DA ZONA	VILABAR DE ABAIXO	2	1	3	4	3	4	17	
21	CONSTRUCCION PARQUE INFANTIL E MAIORES	NOVAL	2	1	3	4	3	4	17	
16	ACONDICIONAMENTO ZONA	O PAZO (LAXOS)	2	1	2	4	2	5	16	
11	REFORMA LAVADEIRO	HERVES (TROANS)	3	1	3	3	2	4	16	
17	CONSTRUCCION PARQUE	PORTELA	4	2	2	2	2	4	16	
19	RESTAURACION CRUCEIRO	COVA (TROANS)	3	2	4	1	1	5	16	
23	PUNTOS DE LUZ	HERVES (TROANS)	3	1	1	5	1	5	16	

26	ACONDICIONAMENTO CRUCEIRO	SAN ILDEFONSO (TROANS)	3	2	4	1	1	5	16	
28	TELLADO FONTE	GONTADE (PIÑEIRO)	2	2	2	3	2	5	16	
4	ACONDICIONAMENTO PASEO A ROZA	CARDECIDE	3	1	3	4	1	3	15	1
22	ARRANXO PALCO E ESCOLA	SEBIL	3	1	2	3	2	3	14	
24	ACONDICIONAMENTO CAMIÑO	HERVES (TROANS)	3	1	2	3	1	4	14	
25	ACONDICIONAMENTO VIA	HERVES (TROANS)	3	1	1	4	1	4	14	
18	ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL	VELAI (PIÑEIRO)	2	1	2	2	1	5	13	
29	CONSTRUCCION LOCAL SOCIAL	GONTADE (PIÑEIRO)	3	1	1	2	2	4	13	
27	REPARACION PISTA	SOBRADA (TROANS)	1	1	1	4	1	4	12	